



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE MARZO DE 2021,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Proxecto de lei de recoñecemento da universidade privada Universidad Intercontinental de la Empresa, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se regula o Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia e o Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industriais Culturais, aprobado polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Marín para a execución da obra de mellora da rede de saneamento de Marín no contorno do río Lameira, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de tres millóns seiscientos mil euros (3.600.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver nos anos 2021, 2022, 2023 e 2024 un programa



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de actuacións en materia de investigación lingüística, a través do Instituto da Lingua Galega, por importe total de oitocentos vinte e cinco mil trescentos sesenta euros (825.360 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Fundación de Solidaridad Amaranta para o mantemento dun recurso de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero, por un importe de douscentos cincuenta e dous mil euros (252.000 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración para o ano 2021 entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia, para a execución do Programa de apoio ao acollemento en familia extensa. Importe: cento setenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e catro céntimos (173.353,44 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Club Raza Can de Palleiro para a concesión dunha axuda para a realización de actividades de promoción, fomento e difusión da raza Can de Palleiro no período 2021–2024, por un importe total de sesenta mil euros (60.000 €), e para a exención de garantías nos pagamentos á conta, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Juana de Vega para o desenvolvemento do proxecto de mellora da imaxe paisaxística dos Camiños de Santiago.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre o novo programa de incentivos ao consumo Bono Activa Comercio.



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a próxima publicación de convocatorias de axudas á rehabilitación xestionadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre o Plan de reforma de espazos e nova arquitectura en centros educativos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a posta en marcha de unidades multidisciplinares poscovid.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da oitava adquisición de bens, contratación de servizos e pequenas obras para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de dous millóns trescentos noventa e dous mil catrocentos vinte e catro euros con corenta e sete céntimos (2.392.424,47 €) na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da tramitación de emerxencia do expediente de contratación de adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa da covid-19 na área sanitaria de Vigo, material para diagnóstico (probos PCR, medios de toma de mostras e transporte mostras virais, reactivos auxiliares e material de microbioloxía e bioquímica), para tratamento da enfermidade (equipamentos, tubuladuras e máscaras para equipamentos respiratorios), así como elementos de protección individual (luvas), por importe de un millón setecentos cincuenta e nove mil setecentos oitenta e tres euros, IVE incluído (1.759.783 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da subministración de materiais e outros consumibles para a realización de programas de cribado e diagnóstico e para a campaña de vacinación da covid-19, por importe dun millón catrocentos noventa e dous mil douscentos cincuenta euros, IVE incluído (1.492.250 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as accións de investigación (CIMA) rematadas no ano 2020 e nova convocatoria para 2021.

A XUNTA REMITE AO PARLAMENTO O ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DA UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA

- *O Consello da Xunta de Galicia dálle continuidade aos trámites logo de que o texto obtivera informe favorable do Goberno do Estado a través do Ministerio de Universidades*

O Consello da Xunta visou, na súa reunión de hoxe, o anteproxecto de lei de creación da Universidade Intercontinental de la Empresa que agora se remitirá ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación, se procede.

O Goberno galego continúa así cos trámites preceptivos deste proxecto logo de que obtivera informe favorable do Goberno do Estado a través do Ministerio de Universidades, un aval que se materializou o pasado mes de novembro na Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Así pois, a Xunta segue a aplicación do marco xurídico vixente para estes casos como é o Real decreto 420/2015, do 20 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros públicos.

A solicitude da entidade Fundación Galicia Obra Social-Afundación para o recoñecemento da Universidade Intercontinental de la Empresa como universidade privada para impartir ensinanzas dirixidas á obtención de títulos de carácter oficial e con validez en todo o territorio nacional, nas modalidades presencial e semipresencial, foi presentada en outubro de 2018 e, a partir de aí, iniciouse o procedemento seguindo todos os trámites preceptivos de acordo coa lexislación vixente.

A partir dese momento, a solicitude seguiu todos os trámites preceptivos como son os informes da Secretaría Xeral de Universidades, da ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia), do Consello Galego de Universidades e do Consello Económico Social, entre outros. O visto e prace definitivo foi a resolución do Ministerio de Universidades -a través da Secretaría Xeral de Universidades- efectuada o 24 de novembro de 2020, no cal se certifica que a solicitude cumpre co Real decreto 420/2015, de creación de universidades, e posteriormente avalado pola Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Decreto específico para a oferta de titulacións

Segundo a proposta tramitada, a Universidade Intercontinental de la Empresa aspira a constituírse en universidade privada de servizo público especializada no ámbito da empresa, cunha actividade académica centrada nas áreas de coñecemento das ciencias sociais e xurídicas e en enxeñaría e arquitectura.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Non obstante, en canto ás titulacións ofertadas, unha vez aprobado por lei o seu recoñecemento, será necesaria a tramitación dun decreto da Xunta de Galicia, para autorizar o inicio de actividades da nova universidade, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos legais exixidos pola normativa estatal e autonómica vixente, tal como establece o artigo 15 da Lei 6/2013, do Sistema universitario de Galicia.



A XUNTA PON EN MARCHA O REXISTRO PARA QUE AS PERSOAS DE GALICIA POIDAN AUTORIZAR TERCEIROS PARA REALIZAR OS SEUS TRÁMITES DIXITAIS

- *O Consello da Xunta aprobou o Decreto que regula o Rexistro Electrónico de Apoderamentos que permitirá que calquera persoa, física ou xurídica, poida nomear un representante para realizar trámites ante as administracións*
- *O mesmo decreto regula o Rexistro de persoas titulares de determinados órganos ou cargos no cal estarán, entre outros, todos os alcaldes e presidentes de deputación, reitores das universidades e os representantes das entidades do exterior inscritas no Rexistro da Galeguidade*
- *A través do Rexistro de Apoderamentos, as persoas de Galicia poderán autorizar un terceiro para facer calquera trámite ante calquera Administración; calquera trámite ante a Xunta de Galicia, ou autorizar soamente unha tramitación determinada*
- *O 78 por cento das anotacións no sistema único de rexistro de Galicia realizáronse en 2020 por canle electrónica*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto que regula o funcionamento do Rexistro Electrónico de Apoderamentos, que permitirá que calquera persoa física ou xurídica de Galicia poida nomear un representante para que realice os seus trámites ante as administracións.

O decreto supón o desenvolvemento regulamentario previsto na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que creou tanto o Rexistro Xeral de Apoderamentos como o Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos.

No Rexistro de Apoderamentos, os galegos poderán autorizar un terceiro, ben para facer calquera trámite en calquera Administración, ben para facer calquera trámite ante a Xunta de Galicia ou ben limitar a autorización a un trámite determinado. A vixencia dos poderes será de cinco anos.

A solicitude de poderemento deberá facela presencialmente a persoa poderante, ou a persoa apoderada se presenta un documento público ou privado coa sinatura do poderante lexitimada notarialmente.

A posibilidade de nomear un representante para as tramitacións dixitais facilitará o achegamento da Administración dixital a toda a poboación de Galicia.

As tramitacións electrónicas en Galicia medraron dun xeito moi significativo en 2020, tanto pola tendencia xa rexistrada en anos anteriores como pola situación excepcional derivada da crise sanitaria. En 2020, o 78 por cento das anotacións no sistema único de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

rexistro da Comunidade Autónoma realizouse por canle electrónica. A mesma tendencia se rexistrou nas entradas de documentación por sede electrónica, que aumentaron un 38,61 por cento en 2020 con respecto a 2019.

Tamén foi significativo o incremento no número de consultas no nodo de interoperabilidade, que foi dun 29,60 por cento en 2020 con respecto a 2019, ata acadar case os 11 millóns e medio. O nodo Pasaxe! foi concibido para simplificar as tramitacións da cidadanía coas administracións.

En canto ao número de notificacións comunicadas electronicamente, medrou un 39,9 por cento en 2020 con respecto a 2019. Un total de 358.363 persoas recibiron un total de 890.559 notificacións. O número de documentos asinados electronicamente tamén aumentou un 24,29, ata acadar os 5.222.239 documentos e o número de expedientes recollidos no Arquivo Electrónico Administrativo medrou un 62,08 por cento con respecto ao ano anterior.

Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos

O mesmo decreto aprobado hoxe regula tamén o funcionamento do Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos.

Neste rexistro estarán todas as persoas que ocupen o cargo de alcaldía dos concellos de Galicia ou as presidencias das deputacións provinciais, todas as persoas cuxos nomeamentos sexan publicados no DOG ou no boletín oficial correspondente. todas as persoas que dirixan un centro educativo público, unha universidade pública do Sistema universitario de Galicia ou un centro de investigación ou tecnolóxico da Comunidade Autónoma; e as persoas representantes das entidades galegas no exterior inscritas no Rexistro da Galeguidade.

Este rexistro, en que os cargos publicados en diarios oficiais entrarán de oficio, non terá un carácter público, polo que soamente poderán ter acceso as persoas que teñan a condición de interesadas. A súa función é a de automatizar a autorización para o exercicio das funcións de cargos públicos a través de medios dixitais



A XUNTA DE GALICIA REFORZA A ESTRUTURA DA AGADIC PARA SEGUIR POTENCIANDO O APOIO ÁS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS

- *O Goberno galego aproba o decreto que introduce cambios neste departamento autonómico co fin de mellorar as súas capacidades de xestión e coordinación*
- *Créase o Departamento da Xerencia e outro de Música e Danza, que dirixirá tamén o Centro Coreográfico Galego e facilitará sinerxías entre ambas as disciplinas*
- *O CGAI pasa a denominarse oficialmente Filmoteca de Galicia e incorpórase funcionalmente ao Departamento de Política Audiovisual*
- *O pasado ano, o Departamento de Industrias Culturais da Xunta convocou 15 liñas de axuda que supuxeron unha inxección directa de máis de 5,78 M€ no sector*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), co obxectivo de dotar este departamento de maior capacidade de xestión nas súas competencias de servizo ás empresas galegas deste sector.

Os principais cambios recollidos neste texto legal fortalecen a estrutura orgánica desta axencia, adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para continuar impulsando a recuperación das industrias culturais e frear os efectos da crise derivada da pandemia. Trátase dun impulso que se enmarca no compromiso da Xunta de Galicia coas empresas do ámbito cultural reflectido nos orzamentos deste ano, que no caso da Agadic se duplican ata case 22 M€.

Coas novidades introducidas, Agadic contará co novo Departamento de Coordinación Xeral e a Xerencia como unidade transversal que facilite a coordinación e o asesoramento en cuestións xurídico-administrativas aos seus catro departamentos técnicos: Fomento e Promoción de Políticas Culturais, Política Audiovisual, Producción Teatral e Música e Danza, este último tamén de nova creación.

Entre outras cuestións, á Xerencia corresponderalle á asistencia á Dirección da Agadic en asuntos como o proxecto de plan de acción anual, a elaboración e tramitación do anteproxecto de orzamentos, as funcións relativas ás materias de transparencia e seguridade da información e protección de datos persoais, expedientes de contratación e xestión patrimonial ou a elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estruturación, planificación, organización, modernización, métodos de traballo e de mellora na xestión.

O decreto modifica tamén a denominación e as funcións do ata agora Departamento de Producción Coreográfica, que pasa a chamarse Departamento de Música e Danza, máis acorde cos seus novos cometidos de desenvolvemento, promoción e impulso do fomento nestes dous ámbitos artísticos. A persoa que estará á fronte deste



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

departamento dirixirá o Centro Coreográfico Galego, o que facilitará as sinerxías entre ambas as disciplinas. Ademais, executará o Plan integral para a danza, actualmente en elaboración nun proceso participativo que busca darlles resposta aos principais retos deste sector, da man dos seus profesionais e de xeito compartido e transparente.

Ademais doutros puntos dedicados a tipificar o persoal directivo da Agadic e a detallar algunhas funcións específicas, o decreto establece que o Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) muda a súa denominación pola de Fílmoteca de Galicia e adscríbese á Agadic con dependencia funcional do Departamento de Política Audiovisual, como unidade que se encargará da salvagarda e difusión do patrimonio audiovisual galego. A nova denominación adóptase en prol dunha mellor identificación pola cidadanía das funcións desenvolvidas polo CGAI, así como para dotar de coherencia e homoxeneizar a súa nomenclatura coa dos centros que desempeñan iguais funcións a nivel estatal e noutras comunidades autónomas.

Máis de 1.200 eventos e 15 liñas de axudas

O reforzo na estrutura e nas contas da Agadic tamén permitirá pór en marcha liñas de traballo que dean continuidade á actividade económica das industrias creativas, ao tempo que lles axude a adaptarse á actual situación. Neste contexto, unha das principais medidas será a creación do proxecto *Hub audiovisual-industria cultural* dotado con 9,6 M€ e vinculado ao programa REACT da Unión Europea. Trátase dunha iniciativa cuxo obxectivo é xerar sinerxías positivas no sector cultural profesional galego para, a través dun proceso colaborativo, levar a cabo investimentos na industria cultural que incrementen as súas capacidades e aceleren a súa reactivación.

O labor da Xunta a prol das industrias culturais non deixou de medrar nos últimos anos. De feito, só en 2020 convocou 15 liñas de axuda que supuxeron unha inxección directa no tecido empresarial de case 6 M€ no sector audiovisual, as artes escénicas (teatro, danza, maxia e novo circo) e a música. Trátase de axudas que inciden na creación e produción nas súas distintas fases, na distribución e na difusión.

Isto configurará unha oferta cultural de calidade para a cidadanía tanto en festivais como nos circuitos escénicos e musicais promovidos pola Xunta: a Rede galega de teatros e auditorios, a Rede galega de música ao vivo, a Rede galega de salas e cultura no Camiño; e tamén a través dos programas vinculados ao Xacobeo: Directos Xacobeo e Galicia Emerxe. Durante o pasado ano, en colaboración con 158 concellos e 39 espazos privados de toda Galicia, os espectadores puideron gozar de máis de 1.250 citas culturais, o que supuxo un investimento conxunto superior aos 2,5 millóns de euros, do que un 62 % foi achegado directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MARÍN PARA MELLORAR A REDE DE SANEAMENTO NA CONTORNA DO RÍO LAMEIRA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 3,6 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade achegará o 80 % do orzamento, case 2,9 M€, e o Concello de Marín o 20 % restante, 720.000 €*
- *A Xunta prevé iniciar nas próximas semanas os trámites expropiatorios para proceder posteriormente á licitación das obras, que teñen un prazo dun ano*
- *O obxectivo é renovar o colector xeral nunha lonxitude de 1.600 metros, desde a súa orixe na estrada PO-313 en Coirados ata a ponte Zapal, no núcleo urbano*
- *Os traballos prevén a mellora da estación de bombeo do río, situada no punto baixo, e o sistema de saneamento que presenta actualmente deficiencias*
- *O proxecto inclúe a mellora ambiental do río coa construción dun acceso polo exterior da zona de servidume, a eliminación de obstáculos ou o arranxo de muros*
- *Esta obra forma parte das 10 novas actuacións que impulsará a Xunta dentro do Plan de saneamento da ría de Pontevedra, cun investimento global de 15 M€*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Marín para a execución da obra de mellora da rede de saneamento na contorna do río Lameira, que suporá un investimento de 3,6 millóns de euros.

O convenio establece que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade achegará o 80 % do orzamento, case 2,9 millóns de euros, e o Concello de Marín achegará o 20 % restante, 720.000 euros.

As actuacións serán financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de covid-19.

A Xunta prevé iniciar nas próximas semanas os trámites expropiatorios para poder proceder, posteriormente, á licitación das obras, que teñen un prazo de execución dun ano.

O proxecto ten como obxectivo definir as actuacións necesarias para mellorar a rede de saneamento da zona do río Lameira, renovando o colector xeral nunha lonxitude de 1.600 metros, desde a súa orixe na estrada autonómica PO-313, en Coirados, ata a ponte Zapal, no núcleo urbano, a partir de onde o río vai canalizado ata a desembocadura.

Tamén se realizarán intervencións puntuais na rede para desconectar augas pluviais do sistema de saneamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A actuación tamén inclúe a xestión das augas pluviais do sistema unitario da bacía do río Lameira, en tempo de chuvía, coa construción dun elemento regulador dos caudais enviados augas abaixo que, bombeados en dúas etapas, rematan finalmente na depuradora.

Os traballos recollen a mellora da estación de bombeo do río Lameira, situada no punto baixo, e o sistema de saneamento que presenta actualmente deficiencias, tanto hidráulicas, que orixinan frecuentes alivios ao medio, como de explotación pola ausencia de equipamentos para a xestión eficiente.

Ademais, o proxecto inclúe a mellora ambiental do río Lameira en toda a súa lonxitude, degradado pola existencia de residuos ou a invasión de maleza. A reparación do leito abrangue a construción dun acceso polo bordo exterior da zona de servidume, así como intervencións para eliminar obstáculos, reconstruír muros e recuar os peches.

Saneamento da ría de Pontevedra

Esta actuación en Marín forma parte das 10 novas intervencións que impulsará a Xunta dentro do Plan de saneamento da ría de Pontevedra, cun investimento global de 15 millóns de euros.

Entre as obras identificadas como necesarias destacan as planificadas na contorna do río Lameira, en Marín; o bombeo de Cocheras ou a estrutura de regulación do Burgo, en Pontevedra; ou o novo tanque de tormentas e bombeo na Seca, en Poio.

Todos estes traballos enmárcanse no Plan de saneamento local da ría de Pontevedra, que contén un programa de actuacións cun investimento de 47 millóns de euros que a Xunta financia con fondos propios e fondos Feder, con obras xa en marcha por 32 millóns e outras novas proxectadas por máis de 15 millóns.

A Xunta elaborou este plan para dispor dunha ferramenta que analiza de forma exhaustiva o funcionamento dos sistemas de saneamento que afectan a ría e definir as actuacións prioritarias para solucionar as carencias nos municipios de Pontevedra, Marín e Poio.

No marco destas intervencións, Augas de Galicia xa rematou actuacións estratéxicas como o novo colector e a estación de bombeo en Marín. Tamén avanza as obras de mellora da depuradora dos Praceres, así como a tramitación para iniciar a construción do novo emisario submariño de 3,6 km de lonxitude, que permitirá unha mellor devolución das augas limpas á ría.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Estas actuacións son estratéxicas para contribuír á mellora do marisqueo, da pesca, do turismo e da calidade de vida dos veciños desta área.

O Goberno galego vén traballando e achegando inxente axuda técnica e económica aos concellos para axudalos a exercer as súas competencias de saneamento e abastecemento.



UNIÃO EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO AMPLÍAN CATRO ANOS MÁIS A SÚA COLABORACIÓN PARA A INVESTIGACIÓN E O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- *O Consello da Xunta aproba un convenio que permitirá avanzar no coñecemento do uso do galego na xente nova, incluídos estudos nas redes sociais*
- *Darase continuidade ao Atlas Lingüístico Galego, que se consolida como unha útil ferramenta para coñecer e actualizar a variedade da lingua nas distintas zonas*
- *Avanzarase no patrimonio literario ao longo da historia con novas investigacións sobre a lingua, o notariado e outros axentes da Idade Media*
- *O Goberno autonómico sufragará o 58 % do investimento para estes proxectos no marco do seu compromiso pola dinamización e promoción da lingua galega*

O Consello da Xunta acaba de dar luz verde ao convenio plurianual coa Universidade de Santiago (USC) co cal o Goberno autonómico renova a súa colaboración co Instituto da Lingua Galega (ILG). Trátase dun convenio de catro anos, fronte aos convenios de dous anos asinados ata o momento, co que a Xunta de Galicia dá maior estabilidade e consolida a súa colaboración cos equipos de investigación da USC para avanzar nos estudos científicos sobre o galego. En concreto, este convenio permitirá avanzar no coñecemento do uso do galego da xente nova, así como dar continuidade, consolidar e emprender novas investigacións sociolingüísticas.

A Xunta sufragará o 58 % do investimento para tres liñas de investigación nas cales o ILG está a traballar nos últimos anos. Así, seguirase traballando no Atlas Lingüístico Galego, unha útil ferramenta para os investigadores que permite coñecer e actualizar a realidade lingüística de Galicia desde o punto de vista gramatical e léxico nas distintas partes de Galicia.

Tamén se afondará no estudo do uso da lingua galega nas novas xeracións. Neste sentido, continuarase cos estudos realizados nos últimos anos sobre a competencia escrita en lingua galega do estudiantado de Bacharelato. Tamén se levarán a cabo investigacións sobre as interaccións da xente nova en redes sociais ou en Whatsapp e Telegram, así como sobre o mantemento e transmisión da lingua nas familias.

Do mesmo xeito, continuarase a investigar no patrimonio literario na historia. Consolidarase a base de datos documental desde a que se poderán pór en marcha, entre outros, proxectos e investigacións interdisciplinares sobre a lingua, o notariado e outros ámbitos da escrita da Galicia medieval.

Investimento de 825.000 €

O convenio desenvolverase nos anos 2021 ata o 2024. Conta cun investimento global de 825.360 euros, dos cales o Goberno autonómico achegará 480.000 euros. Esta colaboración enmárcase no traballo da Xunta de Galicia pola dinamización e



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

promoción da lingua galega en todos os ámbitos sociais. Nesta liña, a Xunta incrementou este ano o seu orzamento nun 53 % no ámbito da política lingüística, con melloras en campañas de normalización (+11%), programas de promoción (+35%), actividades de formación (+77%) ou apoio a empresas editoras para proxectos en lingua galega, que experimentarán un incremento do 50 %.

Ademais, trabállase en retos fundamentais para a lingua galega no século XXI como no do fomento da transmisión interxeracional da lingua nas familias, os desenvolvementos tecnolóxicos que permitan interactuar en galego no mundo dixital e, tamén nesta lexislatura, España, a través do impulso de Galicia, ingresará na CPLP (Comunidade de Países de Lingua Portuguesa).

Os resultados avalan a política lingüística da Xunta. De feito, nos últimos anos, o galego véñse reforzando. Hoxe na nosa Comunidade falan galego máis persoas que hai cinco anos, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE). Ademais, o último informe PISA constata que Galicia é a comunidade autónoma onde o alumnado fala dúas linguas con máis facilidade. De feito, o 96 % do alumnado afirma falalo bastante ben como para conversar con outras persoas, por diante das outras comunidades con lingua propia.



UN TOTAL DE 117 MULLERES E 86 MENORES EMPREGARON EN 2020 A REDE GALEGA DE ACOLLEMENTO DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Consello autorizou a sinatura dun convenio para dotar este 2021 con 252.000 euros a Casa de Acollda de Ourense xestionado pola Fundación de Solidariedade Amaranta*
- *Galicia conta con sete recursos específicos que ofrecen 84 prazas en total na Coruña, Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Burela e Chantada para acoller de xeito temporal vítimas de violencia de xénero e menores ao seu cargo*
- *Proporcionan ás vítimas acollemento, atención e recuperación para emprender a transición á vida autónoma*
- *A Xunta destina este ano cerca de 700.000 euros para dar continuidade ao servizo que presta a Rede galega de acollemento, un 4,6 % superior a 2020 e case un 60 % máis que en 2019*
- *Desde 2009 máis de 3.000 persoas pasaron polos recursos de acollemento a vítimas da violencia de xénero da Comunidade*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace ao convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Fundación de Solidariedade Amaranta para o mantemento da Casa de Acollda de Ourense para mulleres vítimas da violencia de xénero, na cal residiron o pasado 2020 39 persoas, 24 mulleres e 15 menores.

O centro de Ourense é un dos sete recursos -casas de acollda, vivendas tuteladas e un centro de emerxencia (o Cemvi de Vigo)- que forman parte da Rede galega de acollemento pola que pasaron o ano pasado 112 mulleres e 86 menores. A estas persoas usuarias hai que sumar outras 5 vítimas da violencia machista que recibiron aloxamento temporal alternativo en 2020 noutros recursos especiais habilitados pola Xunta para garantir a asistencia durante a pandemia.

Neste 2021, os centros de acollemento, situados nas localidades da Coruña, Vigo, Ourense, Ferrol, Lugo, Burela e Chantada, contan cun total de 84 prazas e apoios da Xunta por valor de 691.850 €, a maior contía destinada polo Goberno galego para esta finalidade. Este orzamento é un 4,6 % superior ao do ano 2020 e case un 60 % máis ca o de 2019.

Estes datos evidencian que nos últimos anos a Xunta vén reforzando as axudas para o acollemento residencial temporal das vítimas da violencia e as fillas e fillos dependentes delas coa finalidade de acompañalas no camiño da recuperación.

Desde 2009, un total de 3.071 persoas (1.685 mulleres e 1.386 menores) foron atendidas polos centros da Rede de acollemento para vítimas da violencia de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Entre 2009 e 2021, a Xunta terá destinado máis de 4,1 millóns de euros a garantir o funcionamento de vivendas tuteladas e casas de acollida.

Recurso de Ourense

Co convenio hoxe autorizado e dotado con 252.000 euros con cargo ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, garántese o mantemento da casa de acollida, a única en Ourense, para mulleres que sofren violencia de xénero e ás súas fillas e fillos, garantíndolles un espazo de protección e de recuperación.

A entidade presta este servizo desde 2019, cando acolleu 20 mulleres e 16 menores. Así desde 2019, a casa ourensá atendeu un total de 44 mulleres e 31 menores.

A Fundación Amaranta é titular deste centro de acollida, acondicionado e autorizado para a atención a mulleres vítimas e que colabora na transición á súa vida autónoma.

O servizo ofrece apoio residencial e temporal e atende e contribúe á recuperación das mulleres vítimas de violencia de xénero e das e dos menores ao seu cargo. Ofrécelles un espazo de protección e garante un tratamento integral con atención a aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos co obxectivo de favorecer a normalización da situación persoal, da unidade familiar e a superación dos efectos da violencia.



A XUNTA AMPLÍA O PROGRAMA DE ACOLLEMENTO DE MENORES EN FAMILIA EXTENSA DE ALDEAS INFANTILES CUN NOVO CONVENIO POR 420.000 EUROS

- *Da contía total, a Administración autonómica achega 173.000 euros e o resto, 247.000 euros, corre a cargo da propia entidade*
- *Esta iniciativa permite atender 130 nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo*

O Consello da Xunta deu conta hoxe do novo convenio de colaboración con Aldeas Infantiles SOS Galicia para dar continuidade ao programa de apoio ao acollemento en familia extensa, que neste ano 2021 contará cun orzamento de 420.000 euros. Desta contía, a Administración autonómica achega 173.000 euros e o resto —247.000 euros— corren a cargo da propia entidade.

A través deste programa poderanse atender 130 nenas, nenos e adolescentes en situación de risco ou desamparo que son acollidos por membros da súa propia familia, aos cales se lles dá unha atención adaptada ás necesidades de cada caso. Con todos estes fogares realízanse labores de orientación en coidado dos menores, intervención psicosocial e actuacións de mediación nas relacións familiares cando é preciso.

Tamén se desenvolven sesións formativas, que son obrigatorias como paso previo ao inicio de calquera acollemento, co fin de achegar a información e os coñecementos necesarios sobre o proceso. O obxectivo é dotar as familias das ferramentas necesarias para que poidan cubrir as necesidades materiais, afectivas e asistenciais dos menores acollidos.

Neste eido, a colaboración da Xunta con Aldeas Infantiles é fundamental desde que esta comezou en 2010 na provincia de Pontevedra e que se fixo extensible a toda a Comunidade Autónoma no ano 2013. Desde ese momento, o programa medrou considerablemente xa que en 2013 apoiaba 16 menores e este ano chegará a unha poboación oito veces maior.

Acollemento en familia

O acollemento familiar, en especial cando se realiza en familia extensa, é unha modalidade de protección á infancia prioritaria para o Goberno galego, xa que permite que unha familia se faga cargo temporalmente das nenas e nenos cando se ve impedida a convivencia cos seus pais por diferentes causas. De feito, dos 2.571 menores tutelados ou en garda pola Xunta, algo máis da metade —un total de 1.359— está en acollemento familiar. E dentro destes, 1.083 menores están en familia extensa, o que supón o 79 % do total dos acollementos.

O CENSO DA RAZA AUTÓCTONA CAN DE PALLEIRO AUMENTOU CASE UN 92% NOS ÚLTIMOS CATRO ANOS GRAZAS AO APOIO DA XUNTA

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe renovar o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Club da Raza Can de Palleiro, para que poida seguir desenvolvendo actividades de promoción, fomento e difusión desta raza*
- *Desde a sinatura do primeiro convenio en 2017, o número de exemplares inscritos no libro xenealóxico da raza elevouse ata os 1.775 animais, fronte aos 925 cans iniciais*
- *O orzamento que achega o Goberno galego ao abeiro do novo acordo ascende aos 60.000 euros para os próximos catro anos, o triplo que o consignado no convenio anterior*
- *Cómpre destacar o interese zootécnico do can de palleiro como can pastor, de compañía e de garda do gando, así como o seu valor xenético vinculado coa nosa comunidade*

O censo da raza autóctona Can de Palleiro aumentou case un 92 % nos últimos catro anos, grazas ao apoio da Xunta. Así se trasladou hoxe na reunión semanal do Goberno galego, que deu luz verde á sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Club da Raza Can de Palleiro para que a entidade poida seguir desenvolvendo actividades de promoción, fomento e difusión desta raza deica o 1 de decembro de 2024.

Así, apóstase por renovar o convenio asinado por primeira vez entre as partes en 2017 e que se vén traducindo na consolidación da raza Can de Palleiro, cun aumento tanto do número de criadores como do número de exemplares inscritos no libro xenealóxico. En concreto, actualmente contabilízanse 1.775 animais desta raza, fronte aos 925 rexistrados hai catro anos. Canto ao número de criadores, actualmente ascende aos 1.655.

O orzamento que achega o Goberno galego ao abeiro deste novo convenio de colaboración co Club da Raza Can de Palleiro elévase aos 60.000 euros para os próximos catro anos, o triplo que o consignado no convenio anterior. En concreto, o importe anual para cada un dos anos 2021, 2022, 2023 e 2024 queda fixado nos 15.000 euros.

Constituído en 2002, cómpre sinalar que o Club da Raza Can de Palleiro é a única asociación oficialmente recoñecida pola Xunta para colaborar no programa de recuperación desta raza autóctona e para a xestión do seu libro xenealóxico. Así, conta coa infraestrutura, o equipamento, os medios loxísticos e o persoal específicos para realizar as tarefas encomendadas ao abeiro do convenio de colaboración subscrito co Goberno galego.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En concreto, o club deberá seguir colaborando na busca de animais que poidan responder ao prototipo racial do can de palleiro para solicitar o seu rexistro, organizar os cursos de formación de xuíces especialistas da raza e realizar, a través destes xuíces, tanto a valoración de exemplares que desexen inscribirse no libro xenealóxico como as confirmacións para determinar os animais aptos para reprodución. Así mesmo, deberá facilitar información aos criadores sobre os cruzamentos máis adecuados e supervisalos sempre que sexa posible, buscando os menores índices de consanguinidade posibles, ademais de proporcionar asesoramento técnico aos criadores e supervisar as camadas.

Entre os obxectivos do convenio tamén se atopa a organización de exposicións e concursos morfolóxicos, así como de probas deportivas, *agility*, canicross, de adestramento ou calquera outra proba que sirva para mostrar a polivalencia da raza. Asemade, avogárase pola participación en feiras, exposicións, xornadas técnicas ou charlas informativas, por difundir nos medios de comunicación e nas redes sociais as actividades que se realicen e por levar a cabo estudos e colaboracións con entidades de prestixio técnico e científico que poidan ser de utilidade para a raza Can de Palleiro.

Para garantir a consolidación desta raza autóctona, o Club da Raza Can de Palleiro tamén se compromete a facer de intermediario e axudar os criadores na adquisición de animais para dar resposta aos solicitantes de exemplares, así como a elaborar e editar guías de axuda sobre a raza, o seu adestramento, a cría, os coidados básicos, a alimentación ou a súa saúde. Por último, fíxase como obxectivo seguir colaborando coa Consellería do Medio Rural no mantemento do libro xenealóxico, así como no desenvolvemento do programa de mellora da raza.

Apoio da Xunta

A Consellería do Medio Rural estableceu no seu día as liñas xerais para a recuperación e conservación de todas as razas autóctonas galegas en perigo de extinción. No caso da raza obxecto do convenio, despois dun período de documentación, estudo e prospección do agro galego na procura de animais da especie canina, comprobouse a existencia dunha poboación comunmente denominada polos criadores como Can de Palleiro, composta por exemplares que gardan entre si unhas características similares e diferenciadoras doutras razas xa descritas.

Cómpre destacar o interese zootécnico do can de palleiro como can pastor, de compañía e de garda do gando, así como o seu valor xenético vinculado coa nosa comunidade. Dadas as súas características morfolóxicas e de estabilidade psíquica, podería chegar a desenvolver funcións de policía, de guía ou de apoio en catástrofes. A maiores, como raza autóctona, representa un patrimonio natural, cultural e social, independentemente de que non se trate dunha raza de produción.



A XUNTA RENOVA O CONVENIO COA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA A MELLORAR A IMAXE PAISAXÍSTICA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo convenio de colaboración con esta entidade por importe de 150.000 euros*
- *O acordo permitirá avanzar na eliminación de elementos que deterioran a imaxe das rutas xacobeas, contribuíndo a ofrecer a mellor imaxe de Galicia nesta celebración do Xacobeo*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo convenio de colaboración coa Fundación Juana de Vega, co obxectivo de seguir avanzando nos traballos de eliminación de elementos que deterioran a imaxe paisaxística dos Camiños de Santiago, para iso conta cun orzamento de 150.000 euros.

O convenio recolle a proposta de actuacións que se levarán adiante a través da Escola Galega de Paisaxe que forma parte de Juana de Vega, e que consistirán en traballos de campo e de estudo técnico de arquitectura da paisaxe co obxectivo de identificar os elementos que deterioran a imaxe do Camiño e propor as actuacións de eliminación, mellora ou integración paisaxística pertinentes.

O obxectivo final é contribuír á promoción, conservación e ordenación destes espazos, con especial interese na posta en valor de moitos elementos etnográficos situados no Camiño de Santiago como son lavadoiros, cabaceiras ou palcos de música, entre outros moitos.

Cómpre lembrar, ademais, que coa celebración do Ano Santo este obxectivo de defensa e promoción do Camiño cobra unha maior dimensión, co obxectivo de ofrecer a mellor imaxe de Galicia como pilar fundamental da promoción internacional de Galicia.

Continuidade da actuación

Este novo convenio asinado coa Fundación Juana de Vega dálle continuidade ao asinado en 2019 con este mesmo obxectivo, que tivo carácter bianual e importe de case 193.000 euros, e que permitiu levar adiante actuacións en 45 elementos de diferente tipoloxía e envergadura (hórreos, valados, edificios, lavadoiros, fontes ou pontes) nos Camiños Francés, Primitivo, Vía da Prata ou Portugués.

Estas actuacións permitiron acometer intervencións de diferente tipoloxía, desde reparacións ata recuperacións, eliminacións de elementos inadecuados, postas en valor doutros elementos deteriorados ou mellora da sinalización.

OS BONOS ACTIVA COMERCIO DA XUNTA INCENTIVARÁN O CONSUMO EN GALICIA AO MOBILIZAR MÁIS DE 55 M€ EN VENDAS NOS ESTABLECEMENTOS DE PROXIMIDADE

- *O programa contará cun orzamento de 10 M€, que se repartirán en bonos desconto de 30 euros, dos cales se poderán beneficiar máis de 330.000 clientes*
- *A iniciativa, deseñada co propio sector, desenvolverase a través dunha aplicación móbil e cada comercio poderá ofrecerlles aos seus clientes ata 5.000 € en descontos*
- *Forma parte do paquete de medidas específicas para o sector que o Goberno galego está a pór en marcha e que contará, como mínimo, con 20 M€ para modernizar o comercio de proximidade e favorecer o consumo*

Os Bonos Activa Comercio impulsados pola Xunta teñen previsto mobilizar 55 millóns de euros en Galicia co obxectivo de dinamizar as vendas nos establecementos de proximidade e, así, reactivar o sector. Deste xeito, a Administración autonómica busca axudar a reducir o impacto económico derivado das restricións pola pandemia da covid-19 e fomentar o consumo nos establecementos da Comunidade.

O programa, do que hoxe se informou no Consello da Xunta e que se prevé activar nas próximas semanas, contará cun orzamento de 10 millóns de euros, que se repartirán en bonos desconto de 30 euros dos que se poderán beneficiar máis de 330.000 clientes.

A iniciativa da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, que foi deseñada da man da Federación Galega do Comercio, desenvolverase a través dunha aplicación móbil e o importe de cada bono irase consumindo en función do valor da compra: as compras iguais ou superiores a 30 euros terán un desconto de 5 €, mentres que ás compras iguais ou superiores a 50 euros lles corresponde un desconto de 10 €. O período de validez dos bonos será de tres meses desde o seu lanzamento e en cada comercio poderanse cambiar ata un máximo de 5.000 euros en descontos.

A este programa poderán sumarse os comerciantes polo miúdo que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e que sexan autónomos ou pemes. Entre outros requisitos, deberán cumprir coas medidas de prevención fronte á covid-19, para o cal poderán adherirse á plataforma Comercio Seguro impulsada pola Xunta de Galicia.

Con carácter previo ao lanzamento dos bonos, procederase á convocatoria para a selección dunha entidade financeira colaboradora, que xestionará a plataforma tecnolóxica da iniciativa e distribuirá os fondos aos comerciantes adheridos ao programa sen ningún custo para eles.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Os Bonos Activa Comercio forman parte do paquete de medidas específicas para o sector que a Xunta de Galicia está a pór en marcha para acompañar o comercio de proximidade na súa reactivación, e que contará con polo menos 20 millóns de euros en axudas para reforzar a competitividade do sector a través de iniciativas que permitan a súa modernización e incentiven o consumo.

Así, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación está a perfilar, en consenso co sector, axudas que permitirán, por unha banda, dar resposta ás necesidades máis inmediatas e contribuír a impulsar o consumo nas tendas, incluíndo este programa de bonos desconto; e por outra banda, iniciativas que impulsen a transformación dixital do sector, cunha aposta clara polo comercio en liña.

A Xunta demostra unha vez máis o seu compromiso co comercio galego, un dos sectores máis afectados pola pandemia a pesar de que Galicia está a resistir mellor a situación actual que o conxunto de España. Así, o índice xeral do comercio polo miúdo diminúe na Comunidade un 7,2 % en xaneiro de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, mentres que a media estatal rexistra unha caída do 10,9 %.



A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS Á REHABILITACIÓN POR UN IMPORTE DE MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS COS QUE ATENDER A MÁIS DE 2.300 SOLICITUDES DE SEIS PROGRAMAS DIFERENTES NESTA MATERIA

- *O Consello coñeceu o contido da resolución única que se publicará a vindeira semana para a convocatoria conxunta destes incentivos con que mellorar o patrimonio edificatorio da Comunidade*
- *Ademais das axudas do programa das áreas de rehabilitación integral supramunicipais, tamén se convocan as subvencións ao fomento da conservación e mellora da accesibilidade, para a rehabilitación das vivendas de titularidade municipal e do programa de infravivenda*
- *Posteriormente, tamén se convocará por cuarta vez o Fondo de Cooperación, co que se facilitan préstamos sen xuros a concellos de menos de 50.000 habitantes para levar a cabo actuacións de recuperación de inmobles*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará, antes de que remate o primeiro cuadrimestre deste ano, seis programas en materia de rehabilitación con que mobilizará un orzamento directo de máis de 12 millóns de euros para atender máis de 2.300 solicitudes de axuda.

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, foi informado do contido da resolución única e conxunta que se publicará o vindeiro luns pola que convocan cinco dos seis programas para o fomento da recuperación e da rehabilitación, e que supoñen un 33 % do orzamento inicial que disporá o Goberno galego para estas liñas de actuación.

Así, o vindeiro luns convocarase o Programa de fomento de conservación e mellora de accesibilidade das vivendas (680.000 euros), de fomento e rexeneración urbana nas áreas de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago (1,3 millóns de euros), do Parque Nacional das Illas Atlánticas (32.000 euros) e da Ribeira Sacra (850.000 euros), para rehabilitar inmobles e vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro social (1,7 millóns de euros) e o Programa de infravivenda (case 275.000 euros).

A estes orzamentos iniciais destes cinco programas sumarase a cuarta convocatoria do Fondo de Cooperación, que se prevé para abril e á cal se destinarán 4 millóns de euros.

Rehabilitación nas tres ARI supramunicipais

En Galicia existen, ademais de 71 áreas de rehabilitación integral en 42 concellos, tres áreas de rehabilitación integral de carácter supramunicipal, xestionadas directamente polo Goberno galego, son a ARI do Camiño de Santiago (na cal se integran 126



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

concellos), a do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia (4 entidades locais) e a da Ribeira Sacra (25 municipios).

As actuacións que se poderán levar a cabo son obras e traballos de mantemento nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior, co fin de adecualos, e obras de demolición de edificios e vivendas e obras de nova construción.

Os beneficiarios desta liña de axudas, comunidades de persoas propietarias e persoas físicas –ou titulares dunha concesión, no caso da ARI do parque nacional-, dispoñen ata o 30 de setembro para presentar unha solicitude.

Conservación e mellora da accesibilidade

O Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021 están dirixidas a financiar actuacións de rehabilitación de edificios ou vivendas, como as relativas ao estado de conservación da cimentación, da estrutura e das instalacións, das cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras.

No caso das actuacións de accesibilidade, destacan a instalación de ascensores, salvaescaleiras, ramplas ou outros dispositivos de accesibilidade, incluídos os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial ou intelectual, así como calquera intervención que facilite a accesibilidade universal, como elementos de información ou de aviso ou dispositivos electrónicos de comunicación.

As axudas poderán solicitarse ata o 30 de novembro e os beneficiarios son persoas propietarias de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial colectiva e das vivendas situadas nestes edificios, as comunidades de propietarios, así como as agrupacións de propietarios.

Axudas directas aos concellos

A Consellería de Medio Ambiente destaca que na resolución que se publicará o vindeiro luns se establecen dous programas concretos para os concellos galegos: o de rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugueiro social, para concellos de menos de 20.000 habitantes, e o de infravivenda, para as entidades locais de menos de 10.000 habitantes. Ambas axudas teñen un prazo de solicitude que remata o 30 de abril.

Estes dous programas teñen por finalidade apoiar os concellos na execución de obras de rehabilitación de inmobles co obxectivo de habilitar vivendas cunhas mínimas condicións de habitabilidade e que se destinen ao alugueiro social.

Fondo de Cooperación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais das cinco liñas de actuación que se recollen na resolución da que se informa esta mañá, ao longo do mes de abril, o Goberno galego convocará o programa do Fondo de Cooperación, dotado cun orzamento de máis de 4 millóns de euros.

Grazas a este programa bríndaselles financiamento ás entidades municipais para levar a cabo actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído que realicen os concellos de menos de 50.000 habitantes, por medio de préstamos sen xuros, que se devolverán no prazo máximo de oito anos.



GALICIA INVESTIRÁ 191 M€ NO PRIMEIRO PLAN DE NOVA ARQUITECTURA PEDAGÓXICA PARA ADAPTAR OS CENTROS ESCOLARES ÁS NOVAS NECESIDADES EDUCATIVAS, SANITARIAS E TECNOLÓXICAS

- *Trátase dunha iniciativa pioneira para reforzar un novo modelo de colexios e institutos na etapa poscovid onde a arquitectura teña unha orientación educativa*
- *Avanzarase na súa transformación dixital coa dotación de polos creativos nos centros escolares en liña coa nova Estratexia de ensino dixital 2030*
- *Reforzarase a súa función social, co deseño de espazos abertos e accesibles non só desde o punto de vista físico, senón tamén cognitivo e sensorial*
- *Deseñaranse espazos máis amplos e saudables, con maior confort e aposta pola ventilación natural cruzada*
- *Todas as rehabilitacións e novas construcións que se acometan deberán estar orientadas á redución da demanda enerxética*

Galicia contará co primeiro Plan de nova arquitectura pedagóxica nos centros educativos, dotado con 191 M€ para esta lexislatura, no cal se recolle a definición e o deseño dos espazos escolares do futuro, de xeito que dean resposta ás novas necesidades educativas, sanitarias e tecnolóxicas.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade avanzou ante o Consello da Xunta as principais liñas deste plan no cal está traballando co reto de deseñar unha nova arquitectura institucional educativa acorde coas novas metodoloxías de aprendizaxe, cos novos espazos de socialización escolar e cos obxectivos de desenvolvemento sustentable 2030, e tendo en conta ademais a experiencia das dinámicas escolares no actual contexto de pandemia.

Trátase dunha iniciativa pioneira coa que se introducirá un novo modelo de escolas que reforce os colexios e institutos na etapa poscovid e onde a arquitectura teña unha orientación educativa, con espazos flexibles, adaptados a calquera circunstancia, equipados e cómodos.

Proxectos previstos ata 2024

O plan pivota nunha parte académica (con espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e xeradores de inclusión), nunha parte infraestrutural (con espazos máis amplos, saudables e unha maior integración coa contorna) e nunha parte de sustentabilidade acorde coas novas exixencias de eficiencia enerxética e respecto ambiental.

Así, todas as reformas de espazos e os novos centros educativos que se leven a cabo de aquí ao ano 2024 -e cuxas actuacións específicas se concretarán nun breve prazo de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

tempo- van seguir unhas pautas específicas definidas e obxectivas acordadas cos retos marcados neste manual.

Centros intelixentes e inclusivos

Desde a perspectiva académica, a partir de agora, o deseño dos novos espazos educativos vai estar vinculado cun maior peso da función social dos centros. Isto é, cunha visión dos colexios e institutos como axentes de cambio, avance e progreso da comunidade. Neste ámbito o obxectivo é lograr a transformación dixital avanzando cara a centros intelixentes (na liña da anunciada Estratexia de intelixencia artificial), adaptados ao ensino dixital e mixto e que neles se integren todos os elementos espaciais e loxísticos para cumprir cos retos STEM (competencias matemática, científica e tecnolóxica).

Neste senso, os centros educativos van contar cun polo creativo vencellado á futura Estratexia de ensino dixital 2030. Estes polos -na liña dos Espazos Maker que xa funcionan nunha vintena de centros- actuarán como espazos de creación desde unha perspectiva de competencia STEM (resolución de problemas reais, deseño, desenvolvemento de habilidades,...) e abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais no conxunto da cidadanía.

Apóstase tamén polo deseño de espazos flexibles e adaptables para permitir o traballo en grupo, o traballo por proxectos e en colaboración con outros membros da comunidade educativa, fomentando así as novas liñas académicas do traballo por competencias e non por áreas de coñecemento illadas.

No que atinxe á función social dos centros, outro dos retos deste plan é o deseño de espazos accesibles e inclusivos, que estean ao servizo das persoas que os utilizan diariamente, primando sempre un uso equitativo e igualitario. Deste xeito, o deseño dos espazos e de todos os elementos que o conforman (interiores, exteriores, accesos, mobiliario, servizos) deberán estar adaptados a persoas con diversidade funcional, non só desde un punto de vista de accesibilidade física, senón tamén cognitiva e sensorial en pé de igualdade co conxunto da comunidade educativa.

Integrados en contornas rurais e urbanas

A nivel infraestrutural, os novos deseños -tanto en reformas e acondicionamentos como en novas construcións- van seguir unha liña de edificación singular e integrada coa contorna e a paisaxe na cal se insire, sexa do ámbito rural ou do urbano, unha identidade corporativa e unha sinalética homoxénea.

As características construtivas, tanto de novas construcións como de rehabilitacións, estarán reguladas nunha orde específica -no que será a primeira normativa autonómica nesta materia- na cal se determinarán as cores das cubertas, fachadas,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ventás ou volumetrías, entre outros, co fin de garantir unha imaxe uniforme dos centros.

Unha das principais novidades que introduce o Plan de nova arquitectura pedagóxica é a aposta por espazos máis amplos e saudables, fáciles de hixienizar, con maiores estándares de confort e con boa ventilación (priorizando a ventilación natural eficiente, cruzada), sen esquecer as exixencias de sustentabilidade enerxética e ambiental en canto á iluminación, acústica ou illamentos.

A rede de centros de ensino públicos en Galicia está formada por máis de 1.000 colexios e institutos repartidos desde os concellos máis pequenos do rural (con menos de 2.000 habitantes) ata as grandes cidades. De feito, nove de cada dez concellos contan cunha infraestrutura educativa para servizo dos seus cidadáns.

Patios cubertos e deporte

Así mesmo, tendo en conta a climatoloxía de Galicia, actuarase con especial sensibilidade no deseño de patios cubertos para o lecer do alumnado, con instalacións modulares e adaptables, e abertas ao seu uso fóra do horario escolar.

Dentro da aposta pola vida saudable como parte do proxecto educativo xeral, os centros disporán de pistas polifuncionais para a práctica deportiva e cun uso polivalente fóra do horario escolar.

No que atinxe á eficiencia enerxética, todas as rehabilitacións que se acometan deberán ir orientadas a reducir a demanda enerxética de calefacción e redución de consumos. Para acadar tal fin, ademais de actuar nas envolventes dos edificios, a Xunta de Galicia vai promover a instalación de centrais de biomasa.

O SERGAS PON EN MARCHA SETE UNIDADES MULTIDISCIPLINARES POSCOVID, UNHA EN CADA ÁREA SANITARIA

- *Proporcionarán asistencia sanitaria para o seguimento, diagnóstico e tratamento das posibles secuelas en pacientes covid e contarán co apoio dos comités clínicos multidisciplinares para dar seguimento aos casos máis complexos*
- *Tamén facilitarán un maior coñecemento dos efectos da enfermidade a medio e longo prazo, para posibilitar a mellor asistencia sanitaria posible*

O Servizo Galego de Saúde vai pór en marcha sete unidades multidisciplinares poscovid (UMPC) para proporcionarlles unha atención e recuperación apropiada, eficiente, homoxénea, estandarizada e de máxima calidade aos pacientes afectados por esta patoloxía.

As unidades, que comezarán a funcionar este mes en cada unha das sete áreas sanitarias, estarán compostas por un equipo multidisciplinar de profesionais, que terán á súa disposición o acceso ás instalacións e aos recursos necesarios para prestar asistencia sanitaria para o seguimento, diagnóstico e tratamento tanto das posibles secuelas como daqueles pacientes con sintomatoloxía prolongada e recorrente despois de 12 semanas do episodio da covid-19.

A creación das UMPC repercutirá nunha mellor recuperación destes doentes que sofren as secuelas da covid ou covid persistente, e ademais proporcionará un maior coñecemento dos efectos da enfermidade a medio e longo prazo, para facilitar a mellor asistencia sanitaria. Os efectos da covid-19 tras a infección poden incluír complicacións derivadas da doenza tales como as pulmonares, neurolóxicas, psiquiátricas, hematolóxicas... pero tamén as relacionadas cos ingresos hospitalarios de longa duración ou por procedementos invasivos.

Por este motivo, cada unha das unidades contará, polo menos, con disciplinas tales como medicina interna, pneumoloxía e enfermaría, con función de xestión de casos e consulta de coidados específicos. As UMPC darán soporte aos profesionais de atención primaria, os cales poderán valorar a derivación dos seus pacientes a través de e-interconsulta. Esta interrelación entre os profesionais de primaria e a correspondente unidade multidisciplinar defínese en tres circuítos de atención asistencial.

O primeiro refírese a doentes que non requiriron ingreso hospitalario, así como aqueles doentes aos que a UMPC lles dera a alta. Neste caso o seguimento será levado a cabo por parte de atención primaria. O segundo circuítos é o dos pacientes que requiriron ingreso hospitalario, que será seguidos na UMPC ata a súa derivación á atención primaria. O terceiro e último é o de relación entre a UMPC e a Atención



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Primaria, cando un paciente sexa derivado do primeiro nivel asistencial por presentar clínica persistente, empeoramento ou complicacións.

Para dar soporte a estas UMPC, vanse constituír os comités clínicos multidisciplinares poscovid para dar seguimento aos casos máis complexos. Ademais dos membros básicos da unidade correspondente, tamén participarán no comité os profesionais de atención primaria e hospitalaria que sexan necesarios en cada caso particular.





A XUNTA REALIZA UN NOVO INVESTIMENTO DE MÁIS DE 5,6 MILLÓNS DE EUROS PARA FACER FRONTE Á COVID-19

- *A meirande parte do orzamento vai para a adquisición de material nas áreas sanitarias de Vigo e de Pontevedra e O Salnés*
- *Tamén se recolle dentro deste orzamento unha partida para mercar material funxible destinado á campaña de vacinación contra o coronavirus*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de tres expedientes de contratación, por valor de 5.644.457 euros, para subministrar material e realizar determinados traballos e servizos nas áreas sanitarias de Vigo de Pontevedra e O Salnés, ademais da adquisición de material funxible para cribados e vacinación. Estas adquisicións están enmarcadas dentro dos investimentos que está a realizar a Xunta de Galicia na loita contra a pandemia da covid-19 na nosa Comunidade Autónoma.

Destes tres expedientes destaca o que recolle un investimento de 2.392.424 euros para a contratación de servizos e a adquisición de materiais de diversa índole na área sanitaria de Pontevedra e O Salnés. Desta cantidade, a meirande parte vai para a adquisición de material de laboratorio, por un valor de 1.246.725 euros, dos cales 656.556 corresponden a kits de identificación SARS-COV2 e 590.169 euros a PCR para a detección do coronavirus. Prevese así mesmo un orzamento de 702.727 euros para equipamento de protección que abrangue 370.193 euros para a adquisición de luvas, 156.124 euros para batas e 120.432 euros para máscaras, ademais de 55.960 euros para material de coidados críticos e de hospitalización. No referido aos servizos, a meirande partida é a de limpeza e aseo, con 128.370 euros, seguida da de transportes con 66.098 euros e a de tarefas de seguridade con 64.855 euros, entre outras.

O segundo dos expedientes refírese á adquisición de material para a área sanitaria de Vigo. Neste caso son 1.759.783 euros, dos que 1.329.415 euros se dedican á compra de PCR para a detección do coronavirus. O resto deste orzamento divídese fundamentalmente entre luvas de protección cun custo de 318.556 euros, sistemas de recollida e transporte de mostras por valor de 67.200 euros, ademais doutro tipo de material.

Tres millóns e medio de agullas e tres millóns de xiringas

O último dos expedientes refírese á subministración de materiais funxibles para a campaña da vacinación da covid-19 e para a realización de programas de cribado. O importe total deste orzamento é de 1.492.250 euros.

Dentro deste orzamento, a partida dedicada á adquisición de material para a campaña de vacinación da covid-19 abrangue preto de medio millón de euros. Concretamente



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

son 442.250 euros, dos cales 239.250 euros se destinan para a adquisición de 3.700.000 agullas hipodérmicas con dispositivo de seguridade e 203.000 euros para a adquisición de 3.000.000 de xiringas.

A compra deste material vén xustificada polo Plan de vacinación do virus SARS-COV-2, que se aprobou no Consello da Xunta do 17 de decembro do pasado ano, que busca xerar progresivamente a inmunidade de grupo necesaria na poboación galega, de tal xeito que permita superar o contexto de pandemia actual.

O resto do orzamento, 1.050.000 euros, van dedicados á adquisición de sistemas de recollida e transporte de saliva, utilizados nos programas de cribado da covid.



GALICIA AVANZA NA INVESTIGACIÓN DE MELLORAS NA PRODUCCIÓN EN CRIADEIRO DE RECURSOS MARIÑOS E NA LOITA CONTRA PATOLOXÍAS QUE AFECTAN O MARISQUEO

- *O Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Mar desenvolveu durante 2020 preto dunha vintena de accións de investigación sobre a explotación dos recursos mariños e acuícolas en Galicia co obxectivo de mellorar a súa xestión e impulsar a súa produción na Comunidade*
- *O proxecto Croquedous, centrado na obtención dunha estirpe de berberecho resistente á marteiliose, logrou acadar unha segunda xeración de individuos potencialmente resistente a esta enfermidade*
- *Os investigadores tamén obtiveron unha primeira xeración híbrida de berberecho común e birollo, a única experiencia documentada no mundo de cruzamento destas dúas especies en condicións de criadeiro*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que recolle que o Cima, en colaboración co centro do Instituto Español de Oceanografía de Vigo, tamén acadou a primeira xeración de individuos de mero de rocha ou cherna nada e criada en cativeiro, unha experiencia de éxito única en Europa*
- *A Consellería do Mar destina preto dun millón de euros a novas accións de investigación así como á contratación de persoal investigador mediante distintas bolsas de formación*

O Centro de Investigacións Mariñas (Cima), dependente da Consellería do Mar, desenvolveu durante 2020 un total de 18 accións de investigación nas cales abordou distintos asuntos de interese sobre a explotación dos recursos mariños e acuícolas en Galicia, co obxectivo de mellorar a súa xestión e impulsar a súa produción na Comunidade. Entre eses proxectos, relacionados de xeito directo co sector marisqueiro e da acuicultura, están os vencellados coa busca dunha estirpe de berberecho resistente á marteiliose, o estudo de novas especies de peixes, moluscos ou algas de cultivo ou co seguimento e a detección das toxinas emerxentes.

Este labor desenvolvido o ano pasado, así como o que se prevé realizar durante 2021, aparece recollido nun informe analizado hoxe polo Consello da Xunta no cal se dá conta de que durante o pasado exercicio remataron 12 desas 18 accións de investigación. Entre elas, destacan catro que, de acordo cos resultados obtidos tanto polos logros de interese científico acadados como pola repercusión que tiveron tanto a nivel nacional como internacional, contribuíron a proxectar a imaxe do centro de investigación galego no exterior.

Unha das accións máis importantes desenvolvidas polo centro é o proxecto *Croquedous*, centrado na obtención dunha estirpe de berberecho resistente ao parasito



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Marteilia cochilia co obxectivo de mellorar a súa produción nos bancos marisqueiros de Galicia. O traballo dos investigadores galegos permitiu obter unha segunda xeración de berberecho común potencialmente resistente á marteiliose, acción á cal se lle vai dar continuidade coa busca dunha terceira xeración para comprobar se a resistencia á marteiliose se transmite de xeración en xeración.

No marco do proxecto *Croquedous* tamén se obtivo a primeira xeración híbrida de berberechos comúns (*Cerastoderma edule*) e berberechos birollos (*Cerastoderma glaucum*), a única experiencia documentada no mundo de cruzamento destas dúas especies en condicións de criadeiro.

Outro dos traballos desenvolvidos polos investigadores do Cima, en colaboración co centro do Instituto Español de Oceanografía (IEO) de Vigo, permitiu obter a primeira xeración de individuos de mero de rocha ou cherna (*Polyprion americanus*) nados e criados en cativeiro. Trátase dunha experiencia de éxito nesta especie única en Europa acadada no marco da acción de investigación *Cherna*.

O labor do centro dependente da Consellería do Mar tamén fixo posible manter individuos adultos de cadelucha e obter semente en condicións de laboratorio, o que permitiu desenvolver un protocolo de reprodución, cultivo larvario e preengorda e replicalo de cara a futuras accións de investigación. Os avances foron posibles grazas ao traballo dos profesionais integrados na acción de investigación *Coquina*.

O proxecto *Ginoumar* tamén supuxo importantes avances no cultivo e preengorda de ourizo de mar antes do seu traslado ao mar. Os investigadores conseguiron criar larvas deste recurso e levalas ata tamaños superiores a cinco milímetros para a súa posterior solta no medio natural, o que contribuiría a repoboar o litoral de Galicia desta especie.

Convenios de colaboración

Algunhas das investigacións desenvolvidas en 2020 realizáronse no marco de acordos de colaboración con outras entidades académicas como as tres universidades galegas ou con organizacións empresariais como a patronal do sector transformador dos produtos do mar Anfaco-Cecopesca. Desas 18 accións de investigación desenvolvidas en 2020, seis seguen co seu traballo en 2021 e a elas sumaranse as resultantes da convocatoria de accións de investigación realizada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, da que depende o Cima, para este ano e que conta cun orzamento de preto de 830.000 euros. A este investimento engádense máis de 150.000 euros para a contratación de persoal investigador mediante distintas bolsas de formación.

O labor investigador do Centro de Investigacións Mariñas pretende favorecer unha xestión racional e eficiente dos recursos mariños de Galicia e asesorar a Administración galega neste eido, así como contribuír a impulsar tanto a produción



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

marisqueira como acuícola mediante o estudo do posible cultivo de novas especies e a loita contra as súas patoloxías.

Na actualidade, o Cima desenvolve un importante labor na busca dunha estirpe resistente á marteiliose, así como no estudo das algas, para promover protocolos axeitados ás diferentes especies existentes en Galicia e mellorar o rendemento económico obtido pola súa explotación. Tamén traballa no seguimento e na detección de especies de microalgas ou outros organismos que poidan aparecer polo cambio climático e portadoras de toxinas emerxentes, para elaborar protocolos en relación coa súa presenza e abundancia. O obxectivo é compartir esa información co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) -tamén dependente da Consellería do Mar-, anticiparse aos posibles requirimentos normativos e dotar de seguridade ao sector mexilloeiro.

